

CÓRGOMO ARTE VI

ABISMOS, ENTRE A SOMBRA E A ALMA.

Entre os recantos escuros da conciencia, a alma féndese consumida nun febril intento de reprimir a salvaxe pulsión dos desexos. Os individuos débátense nun eterno paradoxo entre o ser e a aparencia, sometidos por unha sociedade que non admite diverxencias, que se devora a si mesma fabricando seres secuestrados pola súa propia existencia.

Baleirados polas mentiras, asomámonos ós abismos do noso ser máis profundo. Transformámonos nunha exigua sombra de nosoutros mesmos, atormentados, frustrados pola nosa propia covardía, temerosos de ceibar os demos que nos habitan e de non recoñecernos a nós mesmos detrás da máscara.

Porén, alá no fondo, entre a alma e o sonho, latea o noso eu máis primitivo, desprendido de toda atadura moral, onde so somos instinto. Unha poderosa enerxía que nos individualiza e nos diferencia. Mais, estamos preparados para deixar a seguridade do rabaño? Realmente queremos ser nosoutros mesmos?...

A arte converteuse nun reflexo desta sociedade alienadora, atordada por falsos ídolos, un arte banal, fermento dunha inesgotable conxura de vaidades. Desde os seus comezos, Córdomo Arte fixo da autenticidade o seu sinal de identidade, a creación como ritual exorcizante, unha necesidade que transcende á mesma realidade. Nesta sexta edición, o certame quere avanzar na súa proposta e continuar espindo a arte de artificios, facer do acto creador unha manifestación pura dos sentidos. A arte como unha revelación apaixonada do ser, a arte como verdade, como unha liberación irracional dos instintos.

*“Non hai máis realidade que a que temos dentro.
Por iso a maioría dos seres humanos viven tan
irrealmente, porque creen que as imaxes exteriores son a
realidade e non permiten ó seu mundo interior
manifestarse”. (Hermann Hesse)*

Silvia Fiallega Lorenzo

Comisaria de “Córdomo Arte VI”